Galicia ENCANTADA
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

NOVAS / INICIATIVAS

Polafía en Mondoñedo: Manuela Rey, memoria dun mito

A sección de literatura de tradición oral da AELG (Asociación de Escritoræs en Lingua Galega) propón visitar Mondoñedo para asistir a unha nova *Polafía*, unha revista oral que terá como tema central a figura da actriz mindoniense Manuela Rey. O que suceda nesta Polafía, como xa se fixo en todas as anteriores, gravarase para incorporar ao arquivo oral da AELG.

O acto terá lugar na **Casa da Xuventude de Mondoñedo** o **sábado, 2 de abril, ás 19:00 horas**, e conta coas intervencións de Manuel Lourenzo, Chus Amieiro, Margarita Bermúdez, Andrés García Doural, Paco Piñeiro, Mª Paz Rodríguez Silva, Antonio Reigosa e Isidro Novo. A parte musical corre a cargo de Fran Bouso, Xulia Nogueira e Alberte Núñez.

Este acto conta co apoio da Deputación Provincial de Lugo e a Consellaría de Cultura e a colaboración do

Concello de Mondoñedo.

Manuela Rey

Manuela Rey naceu en Mondoñedo en 1842. Como actriz tivo unha carreira rápida e brillante, ata converterse nunha das principais figuras da interpretación en Portugal. Morreu de tifo cando o éxito máis lle sorría, con só 23 anos.

Non se sabe con certeza como Manuela chega a formar parte dunha compañía de teatro ambulante que pasaría por Mondoñedo, pero con só seis anos xa subiu aos escenarios recitando versos e facendo pequenos papeis.

Aínda que hai outras versións da súa traxectoria, parece que Manuela chegou a Lisboa en 1856 formando parte dunha compañía española de teatro. Pouco a pouco gaña prestixio. En 1859 xa figura nunha listaxe de biografías de actores e actrices destacadas de Portugal e Brasil que se ía publicar baixo o título 'Galería artística', da autoría de Machado, Andrade e Ferreira. Ademais de actriz, escribiu algunhas obras, así como cartas, escritos filosóficos e apuntamentos autobiográficos.

Cando sucedeu a súa prematura morte, Manuela era a principal actriz do Theatro D. Maria II de Lisboa, o gran teatro nacional portugués. Díxose que o rei Pedro V se namorou dela, e que a seu enterro acudiron en masa os e as lisboetas de entón.

Que son as Polafías?

As Polafías son un proxecto nacido en 2007 da man da Sección de Literatura de Tradición Oral da AELG e que, con coordinación de Antonio Reigosa, ten como obxectivo recuperar usos de creación musical e literaria de carácter popular, por medio dunha adaptación das antigas xuntanzas tradicionais (fiadas, polavilas, etc) aos tempos actuais, nos que os recursos técnicos permiten darlle un carácter estable e con garantía de futuro á creación espontánea dos asistentes.

A principal diferenza, en canto ao desenvolvemento, daquelas xuntanzas de antigo co desta nova proposta é que agora nos axudamos das novas tecnoloxías, desde os aparellos de gravación, que favorecen o arquivo e estudo do recompilado, ata o uso de internet, para conseguir unha ampla difusión deste patrimonio.

Para saber máis sobre Manuela Rey

-Artigo de A. Reigosa "Manuela Rey, a muller lirio"

-**Arquivo das polafías**

-**Vídeo promocional**